

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2021/22.

CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez. (1 de setembro de 2021)

1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

1.1 Acceso ao centro

1.2 Grupos estables de convivencia

1.3 Uso de máscara

1.4 Organización do centro

1.4.1. ENTRADA

1.4.2. SAÍDAS

1.4.3. O PRIMEIRO DÍA DE CLASE

1.4.4. MES DE SETEMBRO

1.4.5. REUNIÓNS COAS FAMILIAS ANTES DO INICIO DO CURSO

1.4.6. RECREOS

1.4.7. ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

1.4.8. TITORÍAS.

1.4.9. ORIENTACIÓN

1.4.10. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

2. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

**3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO
NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU,
DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.**

**4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.**

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

Segundo o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 aprobado no Comité Clínico do 06 de xullo de 2021 para dar resposta ás medidas e particularidades establecidas na Orde Comunicada da ministra de sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde Pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021 establécense as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2021/2022, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

Consecuentemente, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da autonomía organizativa e pedagóxica dos centros docentes e o seu profesorado.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Este Plan de Acollida desenvolverase nas dúas primeiras semanas do curso e ten por obxectivo facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2021/2022. Para iso, se organizarán actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Ao inicio de curso publicarase na web do centro o Plan de Acollida, e enviarase unha mensaxe a través de abalarmóbil informando as familias de onde poden atopalo.

Enviarase unha circular o primeiro día de cole cun resumo das novas máis importantes relacionadas coa organización e funcionamento do centro para este curso 2020-21.

1.1 Acceso ao centro:

O acceso ao centro só está permitido ao alumnado e persoas traballadoras do mesmo.

O modo de acceder das familias, ao interior do centro escolar, é con cita previa, salvo as familias de educación infantil que poderán acompañar (un só familiar con máscara) aos seus fillos/as ata o momento en que o titor/a se faga cargo deles na entrada ao centro.

Para evitar a interacción entre persoas, todos os membros da comunidade educativa usarán como medio de comunicación o teléfono e outros medios telemáticos, sempre que sexa posible.

1.2 Grupos estables de convivencia.

Coa finalidade de diminuír o número de persoas coas que se interacciona estableceremos no centro grupos estables de convivencia. Estes grupos limitarán o máis posible a interacción cos demais grupos e deste xeito poderán socializarse e xogar entre eles sen ter que manter de forma estrita a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 m, recollida no R.D- Ley 21/2020.

Cada un dos seguintes grupos será considerado como un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

Ed. Infantil	
4º Educación infantil (grupo A)	25
4º Educación infantil (grupo B)	25
5º Educación infantil (grupo A)	20
5º Educación infantil (grupo B)	21

Ed. Primaria	
1º Educación primaria (grupo A)	24
1º Educación primaria (grupo B)	25
2º Educación primaria (grupo A)	24
2º Educación primaria (grupo B)	24

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300


<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

6º Educación infantil (grupo A)	25	3º Educación primaria (grupo A)	16
6º Educación infantil (grupo B)	24	3º Educación primaria (grupo B)	17
		3º Educación primaria (grupo C)	18
		4º Educación primaria (grupo A)	24
		4º Educación primaria (grupo B)	22
		5º Educación primaria (grupo A)	25
		5º Educación primaria (grupo B)	25
		6º Educación primaria (grupo A)	25
		6º Educación primaria (grupo B)	25

1.3 Uso de máscara

Familias	Teñen a obriga de utilizar a mascarará en todo momento no interior do recinto escolar	
Persoal docente e non docente	É obrigatorio para todo o persoal, pola súa protección e con carácter exemplificante.	
Alumnado	Educación primaria	O uso de máscara será obrigatorio para todo o alumnado, tanto dentro como fóra da aula.(dende o momento no que o alumnado cumpra 6 anos).
	Educación infantil	O uso de máscara NON será obrigatorio (<i>pero si recomendable sempre que sexa posible</i>) para o alumnado na aula, pero é OBRIGATORIO o seu uso nas entradas e saídas do centro, e nos percorridos entre espazos fóra da súa aula.
	Todo o alumnado	É obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala no caso necesario, como por exemplo no comedor escolar

1.4 Organización do centro

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si o máis posible obriga a modificar a organización e funcionamento de todo o centro, isto supón reorganizar entradas, saídas e recreos, entre outras cousas.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar, na medida do posible, as aglomeracións de persoas. Por iso, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

1.4.1 ENTRADA:

É fundamental a colaboración e puntualidade de todos os membros da comunidade educativa no cumprimento dos horarios das seguintes táboas.

- **Alumnado de infantil.**

As familias entran ao recinto escolar acompañando ao alumnado coas mascarás postas segundo os horarios das seguintes táboas, é moi importante respectar ditos horarios para evitar as aglomeracións, ata o espazo de familias*, onde os titores/as se encargarán de recoller de xeito ordenado ao alumnado. Unha vez sexa recollido o alumno/a correspondente é necesario que as familias saian do recinto escolar para mellorar a mobilidade entre todos.

*

As familias de 5 anos , entrarán pola rampla as 8:50h, dirección á pista do edificio de primaria, onde atoparán no chan un espazo de liñas vermellas.
--

As familias de 3 anos , entrarán no recinto escolar as 8:50h e esperarán, gardando as distancias de seguridade no espazo de familias (Zona de patio anterior á zona tellada ao edificio de infantil)

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

As familias de 4 anos, entrarán no recinto escolar as 8:55h e esperarán, gardando as distancias de seguridade no espazo de familias (Zona de patio anterior á zona tellada ao edificio de infantil)

Educación infantil
(PORTA PRINCIPAL DO EDIFICIO DE ED.INFANTIL)
6º (5 anos A/B) entre 8:50h e 8:55h
5º (4 anos A/B) entre 8:55h e 9:00h
4º (3 anos A/B) entre 8:50h e 8:55h

Non podemos esquecer que para os nenos/as de 4º de infantil (3 anos), temos un **período de adaptación** ata o 21 de setembro.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Non podemos esquecer que para os nenos/as de 4º de infantil (3 anos), temos un período de adaptación ao longo do mes de setembro.

Entendemos por adaptación o tempo que cada neno/a precisa para familiarizarse coa escola, cos adultos e cos iguais, para chegar a sentirse a gusto e ser capaz de despedirse sen angustias, xa que de unha boa adaptación vai depender a súa actitude cara a escolarización.

Por que lle damos tanta importancia? Para os nenos/as é unha situación nova: espazos, persoas, horarios... (Aínda que xa estivesen escolarizados) Cada un ten o seu propio ritmo de adaptación e non debemos ter presa nin facer comparacións cos outros/as respectando o tempo que cada un necesite.

A lexislación vixente marca para o curso 2021-2022 o período de adaptación entre o 9 e 21 de setembro.

<u>HORARIO</u>
(É FUNDAMENTAL A <u>PUNTUALIDADE</u> NAS ENTRADAS E SAÍDAS DO COLE)
9 e 10 de setembro
2 quendas por aula coa metade do alumnado en cada unha delas co seguinte horario
1ª QUENDA: 9:30 a 11:30h
2ª QUENDA: 12:00 a 14:00h

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>


13 ao 15 de setembro
1ª QUENDA: 9:00 a 11:00h
2ª QUENDA: 12:00 a 14:00h
16 ao 21 de setembro
Todo o grupo de aula co seguinte horario:
9:00 a 12:30h

O acceso ao centro do alumnado de 4º de Educación Infantil farase polo portalón negro do centro situado na rúa General Rubín (rúa sen saída peonil tanto se van polas escaleiras coma pola beirarrúa).

Unha vez que teñan accedido ao patio exterior, esperarán as familias cos seus fillos/as mantendo as distancias ata que entre o alumnado de 3 e 4 anos na parte cuberta do patio de infantil atendendo ao seu horario de entrada.

A hora de acceso é a establecida no plan organizativo para o acceso ao centro. Estaremos nas aulas as titoras correspondentes e as mestras de apoio (unha en cada aula).

Nas entradas, as titoras estarán na aula para recibir ao alumnado e as mestras de apoio controlarán o acceso as dependencias do centro.

Nas saídas estaremos titoras e mestras de apoio.

- Alumnado de Primaria.

Educación Primaria
(PORTA PRINCIPAL DIANTEIRA DO EDIFICIO DE ED.PRIMARIA)
6º (A/B) entre 8:50h e 8:55h
5º (A/B) entre 8:55h e 9:00h
(PORTA DO PATIO DO EDIFICIO DE ED.PRIMARIA)
4º (A/B) entre 8:50h e 8:55h
3º (A/B/C) entre 8:55h e 9:00h
2º (A/B) entre 8:50h e 8:55h
1º (A/B) entre 8:55h e 9:00h

O alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de primaria entraran no recinto escolar nas horas da seguinte táboa e farán a súa ringleira correspondente na pista do patio, onde haberá profesorado que agardará con eles ata a súa entrada ás aulas. (Lembrámoslles que **NON ESTÁ PERMITIDO** o acceso

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

das familias ao recinto escolar).

O alumnado de 5º e 6º de primaria entrarán ás aulas pola porta principal dianteira do dentro, directamente ás aulas dende as 8:50h.

As familias de primaria teñen dúas zonas de espera:

- Para as familias de 5º e 6º de primaria é na porta da entrada principal dianteira do recinto escolar (Fronte á estación).
- Para as familias de 1º a 4º de primaria é na porta lateral de entrada ao patio do edificio de Primaria.

- Infantil e primaria:

As familias que NON cheguen á hora sinalada para o seu grupo deberán consultar ao profesorado de garda.

Se as portas de entrada do alumnado xa pecharon, deben ir pola porta principal dianteira do centro, **acompañando ao alumno e deixar por escrito xustificado o motivo do retraso**. Esta situación é soamente para excepcións e rexistraranse as faltas de puntualidade continuadas, sendo comunicadas a Xefatura de Estudos.

A partir das 9:10 NON SE PODERÁ ACCEDER AO CENTRO (Só se podería acceder con xustificante médico) ata a seguinte sesión, ás 9:50.

Nun principio, ao longo deste curso NON se deixará entrar ao alumnado con ningún tipo de xoguete ou obxecto persoal que non sexa solicitado polo mestre/a titor/a.

- Entradas do alumnado dende madrugadores.

Antes de rematar o servizo de madrugadores, os nenos/as desinfectarán as mans con xel hidroalcolico.

A saída do servizo se realizará da seguinte maneira:

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

08:45h:	Unha monitora acompañará aos alumnos de 5º e 6º ata as súas clases, onde esperarán ata que chegue o profesorado.
08:50h.	Un monitor acompañará aos alumnos de 2º e 4º de primaria as súas filas no patio, e acompañará a EI as súas filas.
8:55	Un monitor acompañará aos alumnos de 1º e 3º de primaria as súas filas no patio.

En todo momento se respectarán as distancias de seguridade entre os diferentes grupos.

1.4.2. SAÍDAS.

As saídas faranse, como norma xeral, seguindo a mesma orde e respectando as franxas horarias determinadas, sendo nun mesmo nivel o grupo A o primeiro en saír, despois o B e por último, se é o caso o grupo C.

- Alumnado de infantil.

As familias (Un só membro por alumno/a) entrarán ao recinto escolar coas mascarás postas ata o espazo de familias*, segundo os horarios das seguintes táboas, é moi importante respectar ditos horarios para evitar as aglomeracións

Os titores/as do alumnado fará as saídas por orde, entregando ao alumnado de un en un. É necesario que unha vez sexan recollidos os alumnos/as, as familias saian inmediatamente do centro e eviten facer grupos fóra do recinto xa que é importante que non se fagan grupos de xente no interior nin nas proximidades do recinto escolar.

*

As familias de 5 anos, entrarán pola rampla as 13:55h, dirección á pista do edificio de primaria, onde atoparan no chan un espazo de liñas vermellas.

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>


As familias de 4 anos, entrarán no recinto escolar ás 13:50h e esperarán, gardando as distancias de seguridade, no espazo de familias (Zona de patio anterior á zona tellada ao edificio de infantil)

As familias de 3 anos, esperaran fóra do recinto escolar a que as familias de 4 anos saian, nese momento e correspondéndose coa súa hora de entrada, as 14:00h, farán o mesmo que as familias de 4 anos.

Temos en conta o establecido no **PERÍODO DE ADAPTACIÓN PARA O ALUMNADO DE 4º DE ED. INFANTIL (3 anos)** ao longo do mes de setembro.

Educación infantil (PORTA PRINCIPAL DO EDIFICIO DE ED.INFANTIL)
6º (5 anos A/B) Saída: 13:55h
5º (4 anos A/B) Saída: 13:50h
4º (3 anos A/B) Saída: 14:00h

- Alumnado de Primaria.

Educación Primaria (PORTA PRINCIPAL DIANTEIRA DO EDIFICIO DE ED.PRIMARIA)
6º (A/B) Saída: 13:55h
5º (A/B) Saída: 14:00h
(PORTA DO PATIO DO EDIFICIO DE ED.PRIMARIA)
4º (A/B) Saída: 13:50h
3º (A/B/C) Saída: 14:00h
2º (A/B) Saída: 13:55h
1º (A/B) Saída: 14:00h

O alumnado de educación primaria fará as saídas polas mesmas portas que fixo as entradas, o orden de saída nas filas do alumnado é: primeiro o alumnado que vai ao comedor, seguido do alumnado que vaia só para casa (Alumnado autorizado de 5º e 6º de primaria), e por último o alumnado que vai ser recollido por un familiar.

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

Na saída, o profesorado poderá utilizar calquera das liñas pintadas na pista, diante da porta de saída, como axuda para facer unha saída máis ordenada e controlada. O alumnado de cada curso vai ser entregado de un en un, é por iso fundamental a puntualidade das familias na recollida e que unha vez sexa recollidos os alumnos/as, as familias saian inmediatamente do centro e eviten facer grupos fóra do recinto xa que é importante que non se fagan grupos de xente no interior nin nas proximidades do recinto escolar.

Lembren que, como norma xeral, as familias, excepto infantil, non poden entrar ao recinto escolar para recoller ao alumnado.

Se por algún motivo, algunha familia non chega á súa hora para a recollida do seu fillo, o profesor que estea co alumno/a nese momento subirá a conserxería, esperará uns minutos e intentará localizar á familia vía telefónica, no caso de que non cheguen a recoller ao neno/a ou non sexan localizados telefonicamente procederemos a chamar á Policía Local. O profesorado, pode pedirilles que xustifiquen por escrito o retraso na recollida.

- Saída do alumnado ao comedor.

A transición do alumnado dende a saída das aulas e a recollida dos monitores de comedor para dito servizo farase en varias quendas:

Primeira quenda (13:45-14:15h)
O alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil serán recollidos polos monitores nas portas das súas clases e os levarán ao comedor, cumprindo as medidas de seguridade.
Os alumnos de 6º de Educación Infantil, serán recollidos por un monitor na porta da súa clase, situadas fronte ao comedor, ao fondo do corredor.
O resto de alumnado permanecerá na clase no seu horario lectivo.

Segunda quenda (14:20-14:50h)


Ás 14:00h sae 1º e ás 13:55h sae 2º polas escaleiras do comedor, mentras que os 4º saen as 13:50. Deixan as mochilas no seu espazo e saen ao patio.

Os monitores levan aos alumnos dos cursos 1º,2º e 4º de Primaria ata o comedor. O resto do alumnado permanecerá nas súas zonas de patio, sempre respectando as distancias de seguridade entre os diferentes grupos estables de convivencia

Terceira quenda (14:55-15:25h)

Ás 13:55h sae 6º primaria, e ás 14:00h 5º primaria saen polas escaleiras de conserxería. mentres que os de 3º saen ás 14:00h pola súa escaleira. Un monitor esperaralles nas escaleiras e os baixará ao patio onde haberá outro monitor. Agardarán a que remate a saída normal dos alumnos de Educación Infantil e unha vez que rematen, entrarán por cursos a súa zona de deixar as mochilas (espazo baixo escaleiras). A continuación irán ao patio, respectando os diferentes grupos estables de convivencia.

**ENTRADAS E SAÍDAS DE:
4º-5º de Educación Infantil**




CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>




ENTRADAS DE: 6º de Educación Infantil e 1º-2º-3º-4º de Educación Primaria




SAÍDAS DE:

6º de Educación Infantil e 1º-2º-3º-4º de Educación Primaria



ENTRADAS e SAÍDAS DE:

5º - 6º de Educación Primaria



1.4.3. O PRIMEIRO DÍA DE CLASE:

A necesidade de cambios na organización do centro e as propias restricións da normativa educativa relacionada co COVID, poden facer que o primeiro día lectivo sexa estresante para as familias, nenos/as e resto da comunidade educativa, incluído o profesorado. Por iso mesmo, **rogámoslles a maior colaboración posible a todos vostedes.**

Con vontade e comprensión conseguiremos normalizar ao longo dos días o novo sistema de funcionamento e organización do centro.

Tendo en conta que o alumnado de 4º de infantil xa ten un período de adaptación pensado para eles, consideramos que **as familias de 1º de Primaria**, neste primeiro día deben ter un pouco máis de tempo na entrada, xa que ese grupo de alumnos/as vai ser o que máis note o cambio despois de tanto tempo sen clases presenciais. Por este motivo, as familias **agardarán fóra do recinto escolar ata que o profesorado o indique, e para iso, esperarán a que o resto de centro xa non se atope no patio. Mentres o alumnado vaia entrando, haberá profesorado axudando aos titores/as deses cursos para poder atender durante uns momentos ás familias (fóra do recinto escolar), que teñan dúbidas de última hora.**

Se nalgún momento fora precisa a colaboración das familias para que o alumnado fora ás aulas coa tranquilidade necesaria o profesorado solicitará a vosa colaboración.

Do mesmo xeito que o curso pasado, as familias non poden subir ás aulas a levar material escolar, os titores/as dos diferentes cursos farán chegar ás familias as instrucións pertinentes para que saiban que traer e cando traer ao cole. Deste xeito, o material escolar, libros e material funxible, non é preciso que estea todo o primeiro día na aula.

Ao longo deste primeiro día, e seguintes, o profesorado de cada aula adicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanciamento social...

1.4.4. MES DE SETEMBRO

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas coas novas dinámicas de funcionamento interno do centro ocuparan gran parte da xornada lectiva.

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual... co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

Este curso, é **obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala no caso necesario**, (exemplo, no comedor escolar) .

1.4.5 REUNIÓNS COAS FAMILIAS ANTES DO INICIO DO CURSO

Para as reunións de inicio de curso, os titores/as comunicarán as familias que día e a que hora deben acudir ao centro, o obxectivo da reunión e o material que e preciso que leven ese día ao centro.

Serán secuenciadas e irán detalladas de xeito que non superen nunca as seis familias (unha persoa por familia) na aula. Deste xeito garantimos que non haxa aglomeracións no interior do centro, e garantir a distancia interpersoal, sendo obrigatorio o emprego de máscara e hixiene de mans na entrada ao centro e a aula.

Cada membro da familia que acuda a reunión debe ocupar a cadeira do seu fillo/a, para iso o profesorado haberá posto o nome e primeiro apelido a cada pupitre nun lugar visible. As familias

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300


<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaoacorunha>

non deben tocar nada que non sexa o lugar do seu fillo/a.

Entre quendas cada aula se ventilará, intentando ter sempre as fiestras un pouco abertas para garantir a ventilación durante as reunións. O persoal de limpeza do centro deixará desinfectada a aula para o día seguinte.

Aquelas familias que non poidan acudir ese día, comunicarán ao titor/a a súa imposibilidade de modo que o titor/a poida atopar un medio axeitado para facer chegar a información e solucionar aqueles tramites necesarios antes do inicio de curso, entrega de material, firma de autorizacións....

1.4.6 RECREOS

Este ano, e seguindo a normativa educativa que nos obriga a reducir a capacidade que pode ocupar un espazo de modo simultáneo gardando a distancia de seguridade entre grupos estables, o centro modificou os horarios e número de recreos do alumnado ao longo da mañá, tendo en conta que este curso se permiten as interaccións entre grupos estables do mesmo curso, especialmente en espazos abertos ao longo da mañá.

ED. INFANTIL		
GRUPO	HORARIO	CONSIDERACIÓNS
4ºA/B e 6ºA	11:30-11:55	-Cada grupo estará un espazo diferente ao mesmo tempo. -Os días de choiva, sempre que se poida, os grupos de 6º poderán modificar este horario, para dispoñer dun espazo cuberto. En caso contrario permanecerán na aula.
5ºA/B e 6ºB	11:55-12:20	

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300


<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

D. PRIMARIA			
GRUPOS	HORARIO	ZONAS	CONSIDERACIÓNS
1º, 2º e 3º A/B/C	11:30-11:55	-1ºA/B Pista esquerda -2ºA/B: Pista dereita. -3ºA/B/C Patio cuberto	-O patio está con sinalética de diferentes cores para dispoñer de tres, catro o cinco espazos separados, segundo o número de grupos de nivel que baixen ao patio. -Na medida do posible, ao longo do curso se respectará sempre o mesmo espazo para cada grupo de nivel. -Na quenda do patio dos alumnos de terceiro, ocuparan todo o espazo superior do patio, debido ao menor número de alumando por aula, deixando os espazos da pista para o alumnado de primeiro e segundo.
4º, 5º e 6º A/B	11:55- 12:20	-4ºA/B: Patio cuberto. -5ºA/B. Pista esquerda. -6ºA/B: Pista dereita	

Nun principio, ao longo deste curso NON se deixarán baixar ao recreo xoguetes nin obxectos de xogo para compartir. Da mesma maneira pedimos ás familias que NON traian ao centro polas mañás ningún xoguete ou obxecto que non sexa o propio material escolar do alumno/a.

1.4.7 ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa. Podedes solicitala a través do teléfono (881 960300), do correo electrónico (ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.es) ou ben cubrindo una solciitude de reunión en administración.

Lembrámoslles que é moi importante que calquera consulta que non sexa administrativa se faga primeiro ao titor/a correspondente. No caso de non quedar solucionado o titor/a poderá orientar á familia áo DO, Xefatura de Estudos, Dirección ou Administración.

Tamén podedes empregar estas vías para calquera aportación ou suxerencia de mellora no centro.

1.4.8 TITORÍAS.

Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono, videochamada ou calquera outro medio a distancia que poida facilitar a comunicación segundo as circunstancias, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

No caso de que se contemplen casos excepcionais, que requiran nun momento a titoría presencial, deben estar xustificadas axeitadamente ao titor/a do curso correspondente. O titor comunicará dita reunión presencial á xefatura de estudos do centro.

1.4.9 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

1.4.10 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O ANPA facilita no centro o desenvolvemento duns servizos complementarios que axudan a formación do noso alumnado e ao mesmo tempo facilita a conciliación familiar da nosa comunidade educativa, cun servizo de madrugadores, comedor e actividades extraescolares.

Este ano por mor do Covid estes servizos desenvólense dunha maneira diferentes cumprindo cunhas obrigacións para garantir a seguridade de todos os que participen nelas.

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables.

- **MADRUGADORES E COMEDOR**

Os nenos e nenas que asistan ao servizo de madrugadores chegarán ao centro de forma graduada. Recolleranse os distintos grupos de convivencia estable na porta da aula en educación infantil e nas saídas ao alumnado de primaria e serán acompañados ao comedor, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.

Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, deberá ir ao baño do andar que lle corresponda para realizar a hixiene de mans ou limpar as mans cos dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída dos comedores.

Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, (GCE) conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros.

Aquel alumnado que non constituía GCE estará separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo ou ben separaranse por mamparas.

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

Establecerase unha zona de almorzo e outra de non almorzo. Os nenos e nenas levarán posta a máscara en todo momento excepto no tempo no que tomen o seu almorzo.

O aseo que se utilizará durante ou servizo de madrugadores será o baño á beira do comedor.

Establécense 3 quendas no servizo de comedor.

- Primeira quenda: 13:45 h - 14:15 h. Asistirán os alumnos de Educación Infantil.
- Segundo quenda: 14:20 h-14:50 h. Asistirán o alumnado de 1º, 2º e 4º de Primaria.
- Terceira quenda: 14:55 h - 15:25 h. Asistirán os alumnos de 3º, 5º e 6º de Primaria.

O comedor limparase e se desinfectará entre quenda e quenda, realizando tamén unha ventilación de 10 minutos.

Terán a máscara posta en todo momento ata que os monitores lles sirvan a comida, momento no cal poderán quitala para comer, entre prato e prato deberán poñerse a máscara de novo. Cando finalicen a súa comida, se desinfectarán as mans e poñerana de novo, mesmo se están sentados esperando a que os seus compañeiros terminen para comer.

Os nenos non se levantarán da mesa e serán os monitores os que servirán a comida en pratos. Non haberá xerras de auga nas mesas e un monitor encargarse de servir ao empezar a quenda e cando os nenos o soliciten.

As entradas e as saídas no mesmo faranse de modo graduado de acordo co establecido no Protocolo da empresa Jardanay de maneira que se respecten os grupos estables e as distancias de seguridade.

- **EXTRAESCOLARES**

A realización das actividades extraescolares en horario de tarde por parte da ANPA do centro dependerá da presentación no centro, en tempo e forma, e a súa posterior aprobación, dos protocolos para a realización das mesmas, de xeito que se cumpra coas medidas recollidas no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 para o curso 2021-22 do 6/07/2021 da Consellería de Educación.

Este curso, ofertaríanse actividades para necesidades de conciliación de 4 a 6 da tarde, sen prexuízo dos posibles cambios que se poidan ir producindo e que poidan determinar tanto a posibilidade de ampliar a oferta, como de reducila ou suprimila.

No caso dos nenos que vaian de comedor ás actividades, serán trasladados polos monitores do comedor , respectando sempre as distancias establecidas no Protocolo da Consellería de Educación , en especial mantendo a separación entre os menos de EI e os de EP, ao lugar que se habilítase para cada un deles especificamente no patio grande.

Posteriormente, serán trasladados polos monitores das extraescolares ao lugar correspondente. A entrada e a saída farase polo portalón grande , por idades e de maneira graduada para gardar a distancia de seguridade entre os diferentes grupos.

Os nenos só poderán ser deixados e recollidos pola persoa responsable dos mesmos, que nunca poderá acceder ao centro escolar, debendo esperar fóra do mesmo.

En todo momento é obrigatorio o uso da máscara, tanto para os nenos que acceda ás actividades como para os que os adultos responsables dos mesmos.

Para nenos de entre 3 e 5 anos non será obrigatoria aínda que se recomendable.

As empresas /persoas, encargadas de prestar o servizo de extraescolares, responsabilizaranse da debida desinfección de mesas, cadeiras, e demais material deportivo ou utilizado de acordo co establecido no Anexo VI., 6 do Protocolo da Consellería de Educación .

2 ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

- 1. Compromiso realización autoenquisa clínica diaria, ANEXO I do Plan de Adaptación):** tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). **Ante a aparición de, polo menos, un dos síntomas que describe a enquisa de autoavaliación, os tiores NON enviarán ao alumno/a a clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible.**
- 2. En caso de que un alumno/a que estea no centro teña algún síntoma compatible coa infección por SARS-CoV-2 de acordo coa enquisa de autoavaliación, deberá permanecer no espazo de illamento habilitado no centro ata que o responsable veña a recollelo, á maior brevidade posible.**
- 3. No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable, como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia, os criterios sanitarios -que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria- serán os que recomenden médico ou pediatra de acordo co establecido na resolución que se dite instrucións para a atención educativa ao alumnado vulnerable ou alumnado con convivintes vulnerables durante o curso 2021/22 como consecuencia da pandemia da Covid-19.**

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

4. **Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da Covid-19**, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.
5. **Os convintes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado**, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.
6. **O persoal docente e non docente do centro educativo** deberá realizar unha autoenquisa diaria para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa de autoavaliación. Debe realizarse antes da chegada ao centro. A enquisa non ten que comunicarse aos centros educativos, senón que deberase adoptar polo persoal dos centros educativos as medidas oportunas en función do resultado da autoavaliación e comunicar ao centro a ausencia.
7. **O uso de máscara é obrigatorio para todo o alumnado de primaria. E obrigatorio no alumnado de infantil nas entradas e saídas do centro da mesma maneira que nos corredores e servicios ,(recomendable na aula).**
8. Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as mans con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.
9. Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:
 - Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas..

- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada, 1,5m.

10. Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitas, onde se gardan...
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

11. Correspóndelle ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro, cumprindo coas indicacións da Consellería de Educación.

<p>3 ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.</p>

Ao longo da primeira quincena do curso, **e polo menos a partir de 3º de primaria**, cada titor/a ou especialista adicará polo menos unha sesión formativa a axudar ao seu alumnado a acceder á aula virtual, resolvendo ou rexistrando os posibles problemas de acceso. Esta sesión poderá ser ben na aula de informática ou ben na aula ordinaria, se se dispón de equipos individuais.

Ao final do mes de setembro, cada alumno/a deberá ser capaz (con ou sen axuda en función da idade e características persoais) do seguinte:

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

- Chegar á aula virtual a través da paxina web do centro.
- Localizar o botón de acceso.
- Coñecer o seu usuario e recordar o seu contrasinal.
- Localizar os espazos correspondentes ao seu curso (titoría, especialidades, outros...).
- Acceder a un deses espazos.
- Comprender a estrutura e as zonas diferenciadas dese espazo (parte principal, bloques laterais, seccións...).
- Localizar e acceder ao foro de dúbidas.
- Saber como abrir un fío de mensaxes.
- Diferenciar recursos informativos de tarefas.
- Saber entregar unha tarefa.
- Outros que considere o/a mestre/a.

É importante que o profesorado que realice esta sesión tome rexistro daqueles problemas que non poidan ser resoltos facilmente durante a sesión formativa para poder dar parte á coordinación TIC e solventalo canto antes.

Unha segunda acción formativa será a da creación dun espazo aberto a convidados con titoriais sobre os aspectos citados anteriormente, e outros que se consideren necesarios para a mellora da competencia dixital. Este espazo servirá tanto para que o alumnado e familias poidan recurrir a eles en caso necesario. Ao ser un espazo en aberto, calquera mestre poderá tamén recurrir a eses recursos comúns sen necesidade de crear o seu propio titorial.

En función das necesidades estimadas en cada momento, irase enriquecendo ese banco de recursos, incorporando tamén os titoriais daquelas outras ferramentas máis aló de aula virtual que se utilicen nas etapas de Infantil e o 1º e 2º curso de Primaria.

Para rematar, ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar

problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia.

Accións para os grupos Edixgal (5º e 6º de Educación Primaria)

En 5º E 6º de primaria o alumnado traballará no entorno Edixgal. Nas primeiras semanas do curso asignaráselle un PC a cada alumno e mestre que imparte clase neste nivel. Realizaranse tarefas cargando os distintos contidos en formato dixital, estudando as diferentes modalidades que ofrece esta plataforma.

En 5º de primaria, mentres que non estean operativas nas aulas os PCs facilitados pola Consellería de Educación, o alumnado e profesorado traballarán actividades de repaso do curso pasado e as avaliacións iniciais.

En 6º de primaria o alumnado traballará directamente co entorno E-Dixgal dende principio de curso.

4 ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.
--

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos. Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través dos canles habituais.

A continuación, concrétese unha serie de actividades grupais e de acollida e cohesión para o alumnado para as circunstancias extraordinarias do curso 2021 - 22.

ALUMNADO DE INFANTIL

3 ANOS .

Xogos de relación, recoñecemento de compañeiros por grupos., de buscar obxectos en lugares da aula. Actividades relativas a búsqueda da adaptación á aula e ao seu entorno, á ubicación dos distintos recunchos e localización dos materiais da aula e das súas pertenzas persoais.

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

4 ANOS.
Xogos de fantasía (de como sí, de personaxes), xogos de risa, de expresión de emocións, de facer acenos, de expresión corporal (distintas figuras co corpo, andar como si fose un animal, etc). Acollida de alumnado novo con benvidas simpáticas e presentacións.
5 ANOS.
Xogos de descubrimento, de expresión de emocións, de chistes, de xogos de palabras, de representación teatral (bonecos, mimo) e de expresión corporal. Acollida do alumnado novo con recibimento apropiado e facilitación dos necesarios coñecementos da aula e dos compañeiros.

EDUCACIÓN PRIMARIA
1º Nivel.
Presentacións simpáticas (con materiais sinxelos). Recepción de alumnado novo. Familiarización coa aula e coas novas normas. Coloquios e reflexións compartidas. Expresar e exteriorizar os sentimentos, dentro do posible, con axuda de materiais usados para expresión plástica. Xogos coas palabras; xogos de expresión facial e corporal; xogos creativos con elementos básicos da aula.
2º Nivel.
Saúdos simpáticos entre os compañeiros evitando tocarse. Expresión dos sentimentos a través da expresión corporal posible, dentro das limitacións derivadas das normas de protección sanitarias anticovid. Expresión das emocións de volver a reunirse utilizando materiais funxibles .
3º Nivel
Saúdos e presentación, se houberse alumnado novo. Charla- coloquio para falar da nova situación, dos cambios ocorridos ao longo deste período. Experiencias persoais relativas a sí mesmos e as circunstancias vividas. Anécdotas, temores, expectativas, etc. Adaptación á nova aula: ubicación dos materiais e planing para este curso. Valorar a importancia da aceptación de todos e todas das novas normas.
4º Nivel.
Recibimento e saúdos simpáticos (non se poderán dar abrazos); Espontaneidade para expresar as emocións de volver a verse xuntos, charlas distendidas das experiencias vividas. Reflexión conxunta da necesidade de aceptar as novas normas e a importancia para a saúde de todos e todas. Expresión dos temores e da ansiedade diante das noticias que coñecen de xeito verbal ou de xeito gráfico ou plástico. Traballar o planing do curso de xeito que sexan partícipes da responsabilidade compartida.

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña tfno. 881 960 300

<http://edu.xunta.es/centros/ceipwenceslaocorunha>

5º Nivel .
<p>Saúdos simpáticos; ubicación na nova aula; conciencia de novo grupo ,novos compañeiros. Xogos de presentación ao grupo e benvida a todos.</p> <p>Charla distendida e semidirixida sobre as experiencias persoais vividas no confinamento. Dificultades atopadas para continuar o curso online, vantaxes de traballar desde a casa e inconvenientes. Preferencias e aceptación da realidade coas novas normas.</p> <p>Expresión dos sentimentos a través da expresión oral, gráfica e plástica cara a afrontar esta nova etapa coas limitacións e cambios que deben asumir e cambio de hábitos. Creatividade de novas formas de aproveitar a estancia no colexio no seu tempo de lecer.</p>
6º Nivel.
<p>Reencuentro na aula, saúdos, benvida e recepción de novo alumnado.</p> <p>Charla- coloquio semidirixida das experiencias acumuladas no período de confinamento e de clases online. Valoración da situación vivida, comprensión e explicación das causas e reflexións persoais sobre as emocións vividas, temores superados ou sen superar, etc.</p> <p>Debate: Presentación da nova normativa de funcionamento, necesidade de comprender a necesidade de cumprimento das mesmas, aceptación da frustración derivada da perda de determinadas actividades que se facían no recreos, e xeración de ideas para substituír esas actividades por outras alternativas .</p>